

BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA **O FOMENTO DA NATALIDADE**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Concello detectou que nos últimos anos existe unha clara tendencia á diminución da poboación, feito que implica graves consecuencias para o Municipio xa que, se non se cambia a tendencia, chegará un momento en que a escasa poboación impedirá atender uns servizos públicos adecuados e dignos, por outra banda, imprescindibles nos tempos actuais.

Atendendo aos datos padronais oficiais, obsérvase que nos últimos anos perdeuse moita poboación e as perspectivas de crecemento e aumento da natalidade son moi escasas.

Independentemente de que as competencias en canto a ordenación territorial correspondente á Comunidade Autónoma, este Concello considera oportuno establecer medidas propias de fomento da natalidade.

ARTIGO 1. Fundamento Legal.

Estas Bases teñen o seu fundamento legal nos artigos 2 e 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

ARTIGO 2. Obxecto.

O obxecto destas Bases é a regulación do Réxime Xurídico do outorgamento de axudas para fomento da natalidade neste Concello.


ARTIGO 3. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións reguladas nestas Bases:

- Os proxenitores/as, xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais que teña fillos/as.

ARTIGO 4. Requisitos para a Concesión da Subvención.

1.- Dará lugar ó recoñecemento da subvención cada nacemento que teña lugar no Concello de Manzaneda.



2.- Serán requisitos imprescindible para o recoñecemento da subvención:

- A acreditación municipal de que a unidade familiar estea empadroada no Concello con unha antigüidade mínima de seis meses anteriores ó nacemento.

- Asemade a acreditación municipal de residencia no Concello con carácter efectivo.

- O compromiso persoal de facer uso real dos recursos do sector público e privado deste Concello, polo menos durante a duración da axuda. A tales efectos elaborárase unha declaración xurada.

- No caso de incumprimento destes requisitos, non se poderá acceder nin tramitar a solicitude das axudas para o fomento da natalidade.

3.- Con todo, para o pago efectivo das axudas, ademais:

-As persoas beneficiarias das axudas para o fomento da natalidade estarán empadroadas e residirán no Concello ata a fin da percepción da subvención, é dicir, indo todo ben ata o cuarto ano de vida da crianza.

- O recentemente nacido debe empadroarse no Concello de Manzaneda, acreditando o disposto cun certificado de empadroamento e convivencia da unidade familiar.

- No caso de incumprimento destes requisitos, as persoas beneficiarias das axudas veranse obrigadas a devolver a totalidade da axuda recibida polo nacemento.

4.- Os beneficiarios deberán acharse ó corrente das obrigacións fiscais municipais.

ARTIGO 5. Contía das Axudas e Procedemento.


1.- Importe.

O Concello anualmente no seu Orzamento destinará a cantidade global a conceder por axudas á natalidade, importe que será o límite das axudas a recoñecer. Para o ano 2020 será a cantidade de 8.000 €.

Cada nacemento que teña lugar será obxecto dunha axuda por importe de 800 € no primeiro ano e outros 800 € máis cada ano seguinte ata un máximo de catro anualidades.

2.- Procedemento.

2.1. As solicitudes de axudas presentaranse no Rexistro xeral durante o ano corrente polos nacementos que tivesen lugar no ano natural. Ás mesmas deberá acompañarse a seguinte documentación:



- Certificado de nacemento do recentemente nacido/a expedido polo Rexistro Civil correspondente.
- Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Municipio durante polo menos os últimos 6 meses anteriores o nacemento de alomenos un dos pais, así como de convivencia dos beneficiarios/as co recentemente nacido/a.
- Declaración Xurada, de que farán uso preferente dos servizos públicos e privados no Concello de Manzaneda.
- Certificación municipal acreditativa de acharse ao corrente das obrigacións fiscais municipais.
- Conta corrente bancaria onde se efectuará o ingreso.

2. 2. Completada a documentación, unha vez expirado o prazo outorgado ó efecto polos Servizos Municipais comprobaranse os datos e a Alcaldía, aprobará ou denegará o dereito ó cobro da axuda solicitada. O acordo será notificado aos solicitantes.

2.3. Adoptado o Acordo abonarase aos beneficiarios/as o importe resultante no prazo que se estableza no propio Acordo.

ARTIGO 6. Responsabilidades.


Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, caso de percibila xa, á devolución da mesma cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

ARTIGO 7. Compatibilidades.

As axudas serán compatibles coas axudas que poidan obterse dos Organismos oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma, da Provincia ou da Comarca.

ARTIGO 8. Réxime Xurídico.

A Normativa que regula a concesión de axudas á natalidade son as propias Bases. Para o non previsto na mesma, terase presente a Normativa administrativa reguladora de réxime local, na súa falta, de carácter xeral.



CONCELLO DE MANZANEDA

Ronda da Cavarca, núm. 10
32.781 Manzaneda
Tfno.: 988 333043
www.concellodemanzaneda.gal
concello.manzaneda.manzaneda@eidolocal.es

DISPOSICIONS ADICIONALES

1.- Terán dereito a esta axuda tod@s aquel@s nen@s nados, ou adoptados dende o 1 de xaneiro de 2018.

DISPOSICION FINAL

As presentes bases entrarán en vigor con carácter inmediato, debendo ser expostas no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web.

Manzaneda, 5 de outubro de 2020.

O alcalde

O secretario

Amable Fernández Basalo.

Juan Ignacio Fonseca Moretón.-

DILIXENCIA: A estendo eu, Secretario do Concello de Manzaneda, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas pola Alcaldía con esta data.

Manzaneda, 5 de outubro de 2020.

O SECRETARIO,

Juan Ignacio Fonseca Moretón.-